



aniversario
TANXEDOIRA





Asociación Cultural
TANXEDOIRA

*Oferta cultural de 2013
con motivo do 35º
aniversario da Asociación
e o 30º aniversario
da sua rondalla.*



Historia

A Asociación Cultural Tanxedoira leva funcionando desde o ano 1978 (inicialmente co nome de Asociación Parroquial Santa M^a de Oza), aínda que o seu nacemento legal prodúcese o 30 de abril de 1988.

A súa primeira sé social estivo situada nos locais da Parroquia de Santa María de Oza, da que pronto saíu para instalarse na Avenida de Monelos tras unha breve estancia no local social da Asociación de Veciños Oza - Soto.

Debido á obrigación de ter que abandonar o seu domicilio da Avenida de Monelos, esta asociación realizou as súas actividades, durante aproximadamente ano e medio, no Centro de Servizos Sociais do Castrillón.

Desde o inicio do curso 94/95, dita Asociación levaba a cabo as súas actividades no local social situado nos baixos do Mercado de Elviña, na rúa Miguel González Garcés, s/nº.

A finais do curso 2003/2004, e debido á derriba do citado mercado con motivo das obras de construción dun novo, a Asociación vese obrigada a trasladar as súas actividades ao Centro Cívico de Monelos, o cal afecta en certo xeito á vida asociativa da entidade.

As actividades da Asociación Cultural Tanxedoira ofértanse ao total das 104 familias que son socias da entidade, aínda que tamén aos non socios que desexen acudir a elas.

Esta Asociación esta creada sen ánimo de lucro, co fin de fomentar o altruismo entre os seus socios e visitantes: desde a sua fundación ata a actualidade, todas as persoas que participaron e colaboraron en TANXEDOIRA fixérono sen recibir nada a cambio.



Os seus monitores, personaxes invitados, colaboradores habituais e puntuales (escritores, pintores, escultores, ...) fixérono sen percibir gratificación económica algunha. Desde o ano da súa legalización, esta entidade creceu notablemente en todos os aspectos. Hoxe en día actuamos en toda a comunidade galega e para todos os cidadáns.

Actividades anuais e os grupos artísticos



Dispoñemos dun grupo entusiasta de persoas que desenvolven unha serie de actividades variadas: pintura, bolillos, flauta, guitarra, bandurria, laúd, patinaxe, fútbol, teatro, rondalla, coro,...

Ademais destas actividades que se desenvolven durante todo o curso escolar ao longo da semana, existen outras actividades puntuales que se realizan todos os anos por diversos motivos: exposicións de pintura, excursións, concursos (poesía, fotografía,...), comidas de confraternidad, festivales de Nadal, aniversario e fin de curso, o día do libro e da árbore, o día das letras galegas, baile de disfraces en carnaval, magosto, sardiñada de San Xoan, celebración de Noite vella, todas elas cun trasfondo e **obxectivo** moi claro:

Fomentar a integración e convivencia de todos aqueles participantes, sexa cal for a súa idade, condición...

A Rondalla e o Coro Tanxedoira son dúas formacións representativas desta entidade, que deixaron fe do seu traballo por toda a xeografía galega, alcanzando triunfos importantes nos concursos e certámenes aos que se presentaron. Nos últimos anos tamén o Grupo de Teatro Tanxedoira está cosechando importantes éxitos coas súas primeiras representacións en diversos lugares da cidade, destacando a súa representación da Zarzuela ***La Dolorosa*** no Teatro Rosalía de Castro e a zarzuela ***La Tabernera del Puerto*** no Forum Metropolitano.

No noso local social dáse acollida nos seus ensaios desde fai mais de 20 anos a un grupo de teatro, chamado ***Xiria***, que efectúa representacións por toda a provincia.

Ademais destas colaboracións, ***o coro, a rondalla e o grupo de teatro Tanxedoira realizan todos os anos actuacións benéficas***, como a do Fogar Santa Teresa Jornet con motivo das festas navideñas. Tamén existen vínculos de colaboración con distintas asociacións e entidades dentro do ámbito da cidade e comarca, así como con outras formacións musicais e culturais da comunidade galega.



Integrantes do Coro Tanxedoira



Detalle actuación da Rondalla Tanxedoira no seu 34º aniversario



Grupo de Teatro Tanxedoira o final da representación da "Tabernera del Puerto" en el Forum Metropolitano

Con motivo, pois, deste XXXV Aniversario a Asociación Cultural Tanxedoira quere conmemorar tal efeméride na compañía daquelas entidades do territorio galego que, coma ela, desenvolven unha labor social.

Estes eventos concretaranse en dous ámbitos culturais: a música e o teatro. Así, e intentando reflectir ao máximo a oferta cultural que se leva a cabo dentro da entidade, realizáranse tres certames relacionados con estes campos de acción, cuxo resultado serían un certame de música instrumental, outro de música coral e un último teatral.

Mais a intención non é só festexar este Aniversario de Tanxedoira, senón que outro obxectivo radica en dinamizar a cidade a ampliar o abano da oferta cultural dentro de A Coruña, dando a conocer a entidade e que poida seguir crescendo como agrupación cultura que ofrece actividades de interés, non só aos seus socios e socias, senón tamén ao resto de cidadáns e cidadanas.

A Iglesia de Santa María de Oza da Coruña, acolleu o primer evento.

A fantástica actuación a cargo das corales Canticorum (dirixida por Pablo Méndez), Cantabile, a Escola de Música da Coruña (ambas dirixidas por Pablo Carballido) e por suposto aos anfitrións, a Coral da Asociación Cultural Tanxedoira (dirixida por Xulio Loureiro)

Así mesmo, o acto trataba de conmemorar o 150 Aniversario da fundación da igrexa. A Asociación Cultural Tanxedoira invitou ás entidades amigas para celebrar o seu aniversario, sendo un auténtico éxito musical á altura dos magníficos directores.

No evento púidose escoitar un repertorio dos máis variado, desde zarzuela pasando por cancións dos Beatles, La chica ye-ye e finalizando todas as corales xuntas con Kantate Nr-140 de Bach.



*Os Tres Mosqueteros fixeron vibrar Santa María de Oza.
Pablo Carballido, Pablo Méndez e Xulio Loureiro.*

Axenda cultural abril e maio





Culmen do Certamen de Corais celebrado o pasado 13 de abril en Santa María de Oza, polo 35º aniversario da entidade. Canticorum, Cantabile, EMM e Tanxedoira intetpretando a Kantate Nr-140 de Bach.



aniversario
TANXEDOIRA

- <http://tanxedoira.blogspot.com/>
- <http://www.youtube.com/user/Tanxedoira>
- <http://www.tanxedoira.org/>
- Grupo Tanxedoira en facebook

